

# MEMORIAL CARLOS SERVANDO 2024

**DISTANCIAS CORTAS  
ABSOLUTO**  
Sábado 21 de decembro  
15h00 Quecemento  
16h00 Competición



**SYSCA**



FEDERACIÓN de SALVAMENTO  
e SOCORRISMO de GALICIA

FESSGA



# PRESENTACIÓN

Coa súa primeira edición no ano 1992, o Memorial Carlos Servando é o evento pioneiro do salvamento deportivo en Galicia. Foi a primeira proba de salvamento que se celebrou na comunidade galega que recollía probas propias desta disciplina que, nese intre, non era tan coñecida coma nos tempos nos que estamos a vivir.

Esta proba nace dous anos despois da creación do club SYSCA, organizador da mesma. Nel militaban os socorristas que coidaban e vixiaban aos bañistas da praia de Razo, no concello de Carballo. Entre este grande grupo de profesionais e amigos estaba Carlos Servando, o cal faleceu traxicamente nun accidente de tráfico. Ante esta circunstancia os seus compañeiros quixeron renderlle homenaxe ao seu traballo coma socorrista realizando un evento que, logo de moitos anos, segue a ter gran recoñecemento.

Nesta edición 2024, realizaremos unha competición de probas de distancias curtas da categoría ABSOLUTA, co fin de facer unha competición espectacular apetecible de ver e desfrutar para o público.

Agardamos que sexa un formato atractivo, que axude a facer atractivo este deporte para continuar exitosamente coas novas edicións do Carlos Servando.

**AGARDAMOS A TUA PARTICIPACION!**

# INSCRICIÓN

## REQUISITOS

Para poder inscribirse no Carlos Servando 2024 é imprescindible que cada participante dispoña da súa correspondente licenza de deportista FESSGA ou RFESS.

A organización resérvase o dereito de invitar a participar a calquera persoa que teña ou tivese relación directa co Club SYSCA ou coa organización de anteriores edicións do Carlos Servando aínda que non estea en posesión da licenza anteriormente mencionada. Neste eido tamén se inclúen os deportistas de Natación Adaptada.

## FORMALIZACION da INSCRICION e DATAS

A data e hora límite da inscrición será o domingo 15 de decembro de 2024 as 24h.

**As inscricións (GRATUÍTAS) realizaranse no programa de inscricións RFESS.**

A competición terá lugar na piscina municipal Carballo Calero.

O inicio será o sábado 21 de decembro ás 16h, comezando o quecemento ás 15h00.

## CATEGORIAS

Poderán competir deportistas nados o 31/12/2010 ou anteriores.

## LÍMITE de PARTICIPACIÓN

Cada deportista pode participar nun máximo de 2 probas individuais.

Cada club pode inscribir como máximo 2 relevos por proba.


## PUNTUACIÓN

En probas individuais, suman puntos para a clasificación xeral os 3 primeiros deportistas clasificados de cada club.

En probas de relevos, suman puntos para a clasificación xeral os 2 relevos que poden participar de cada club.

# PROBAS

1. 50m combinada de salvamento
2. 50m rescate de manequín con aletas
3. 4x25m relevo socorrista mixto
4. 25m remolque de manequín
5. 50m socorrista
6. 4x25m combinada
7. 100m supersocorrista
8. 4x12.5m remolque de manequín



## PREMIACIÓN

Entregarase medalla ó clasificado en primeiro, segundo e terceiro posto en cada proba en categoría ABSOLUTA.

Entregarase trofeo conmemorativo aos clubs situados nas tres primeiras posicións na suma total de puntos.

O club que acade a primeira posición queda proclamado coma GAÑADOR DO MEMORIAL CARLOS SERVANDO 2024.



**SYSCA**